

Solicitud de simulacros vía web



O acceso ao formulario de solicitude de simulacros a través [da web da AXEGA](#) faise desde a páxina de inicio. Na parte esquerda da portada, debaixo do Mapa e da sección de Noticias, hai unha serie de botóns entre os que se encontra o de Solicitude de simulacros, (Fig. 1).

Premendo nese botón accédese ao [formulario](#) onde se debe cubrir a información necesaria para solicitar a realización dun simulacro.

Perfil Contratante Plataforma de Contratos Públicos de Galicia	
Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020	
Axenda 2030 Obxectivos de desenvolvemento sustentable	
Carta de Servizos Compromiso coa calidade	
Acceso ao 112 Persoas con discapacidade auditiva ou da fala	
Simulacros Formulario de solicitude	
Transparencia e Goberno aberto	
Certificacións do CIAE 112	  
Atendémol@ Envíe a súa consulta ou comentario	
Visítanos CIAE 112 e GALI	



Para encher o formulario é preciso cubrir, polo menos, todos os campos obrigatorios, isto é, os que van acompañados dun *.

Hai algúns campos aos que hai que prestar especial atención á hora de cubrir, como por exemplo:

- **Coordedadas Este (UTMX) * e Norte (UTMY) *:** Débese seguir as instrucións indicadas e conseguir as coordedadas a través da web <https://mapas.xunta.es/visores/basico/>. É preciso comprobar que se introducen correctamente as coordedadas.
- **Responsable do simulacro:** Será a persoa de contacto
- **Colaboración:** Se é precisa colaboración do 112, deberase indicar se só é necesaria na recepción da chamada ou tamén na mobilización de medios.
- **Tipo de simulacro:** Dependendo do tipo de simulacro, poderanse reservar unha hora ou unha xornada completa (maña, tarde ou noite).
- **Hora de inicio:** Será preciso indicar a hora de inicio exacta do simulacro.
- **Medios/Servizos participantes:** Indicaranse os medios participantes dependendo da provincia. Pódese seleccionar máis dun medio de cada tipo mantendo pulsada a tecla Control (Ctrl) do teclado ao mesmo tempo que se fai click co rato sobre os diferentes medios.
- **Avisado Organismo:** É preciso indicar se os organismos ou medios participantes foron avisados.
- **Math question:** É un campo que hai que encher respondendo á operación que se prantexa para garantir que o formulario non é enviado por un robot.